



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2024/014

ENTIDADE BENEFICIARIA: FUNDACIÓN RONSEL

IMPORTE DA AXUDA: 15.000€

DATAS DO PROXECTO: XUÑO A OUTUBRO DE 2024

O programa de Fundación Ronsel Chantada – Voluntariado Interxeracional, foi financiado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2024.

O proxecto “Chantada – Voluntariado Interxeracional”, promovido pola Fundación Ronsel, tivo como obxectivo principal fomentar o intercambio de coñecementos, habilidades e experiencias entre persoas voluntarias de diferentes xeracións, promovendo o emprendemento e as oportunidades laborais na comarca de Chantada.

O programa permitiu que as persoas maiores compartiran os seus coñecementos e vivencias, pero tamén brindou á mocidade unha perspectiva de vida máis rica e unha aprendizaxe que vai máis alá do profesional. A creación destes espazos de interacción demostra o valor inestimable do traballo interxeracional, promovendo a comprensión, o respecto e a solidariedade entre xeracións.